



Nota de prensa

Dentro da campaña solidaria a prol dos Bancos de Alimentos

EROSKI E OS SEUS CLIENTES LOGRAN O RETO UN MILLÓN DE COMIDAS PARA ALIMENTAR A 500 FAMILIAS DURANTE UN ANO

- En total recadáronse máis de 750.000 quilos de alimentos básicos dende o comezo da campaña posta en marcha en abril e que culminou a pasada fin de semana coa 'Operación Quilo'
- Os Bancos de Alimentos destinarán a recadación a atender as necesidades básicas dos colectivos máis vulnerables
- EROSKI colabora dende hai máis de 20 anos con FESBAL

Elorrio, 3 de xullo do 2020.- [EROSKI](#) e os seus clientes lograron cumprir o reto *Un millón de comidas* para alimentar a arredor de 500 familias durante un ano. Unha iniciativa solidaria que lanzou hai unhas semanas e que se enmarca dentro da campaña solidaria posta en marcha dende abril en toda a súa rede de tendas a prol da [Federación Española de Bancos de Alimentos \(FESBAL\)](#).

Dende o comezo da campaña solidaria, que culminou esta fin de semana coa 'Operación Quilo', recadáronse máis de 750.000 quilos de alimentos e produtos de hixiene que lles serán destinados aos Bancos de Alimentos para que poidan atender as necesidades básicas dos colectivos máis vulnerables.

Máis de 1.300 establecementos, que inclúen supermercados, hipermercados e franquías da cooperativa ofrecéronlles aos seus clientes a posibilidade de realizar unha achega económica a prol dos Bancos de Alimentos. Pola súa banda, EROSKI sumoulle á campaña unha achega de 30 toneladas de produtos alimenticios que xa lles doou aos Bancos de Alimentos para cubrir as necesidades máis urxentes.

"Unha vez máis queremoslles agradecer aos nosos clientes a xenerosidade e o apoio amosado con esta iniciativa solidaria. Demostraron un alto grao de solidariedade durante esta crise sanitaria que afectou a moitas persoas en situación de vulnerabilidade. Con esta acción reforzamos a nosa colaboración continua cos Bancos de Alimentos, que mantemos dende hai máis de vinte anos", explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

"Queremos agradecer de novo a colaboración de EROSKI con FESBAL nunha situación tan difícil coma a que estamos a vivir. Esta nova acción solidaria de

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA

CONSELLEIROS DO NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE ESQUERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



EROSKI e dos seus clientes permítenos dispoñer nos nosos almacéns dunha notable entrada de produtos alimenticios que posteriormente lles distribuímos, a través das entidades benéficas coas que colaboramos, aos colectivos máis desfavorecidos e necesitados", afirmou o director xeral da Federación Española de Bancos de alimentos, D. Miguel Fernández.

Máis de 20 anos colaborando cos Bancos de Alimentos

A colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social. Foi así como naceron ese mesmo ano as campañas "Operación Quilo" de recollida de alimentos nas tendas EROSKI.

Posteriormente, EROSKI comezou o seu programa de doazón de alimentos envasados próximos á súa data de consumo preferente, pero aínda aptos para o seu consumo con total seguridade alimentaria. Hoxe este programa de EROSKI e dos Bancos de Alimentos continúa vixente co compromiso "Desperdicio Cero" de non guindar alimento ningún que sexa apto para o consumo en toda a súa rede de hipermercados e supermercados. O ano pasado doáronselles máis de 6.700 toneladas de alimentos a entidades sociais como parte deste programa.

EROSKI foi recoñecida co "Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que lles outorga a Federación Española de Banco de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA

CONSELLEIROS DO NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE ESQUERDO

Tel: 944 158 642

[**Sala de prensa online**](#)